

# MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**6016** REAL DECRETO 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos. («BOE» 74, do 27-3-2002.)

A Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, aborda a regulación normativa referente á posesión, adestramento e manexo de animais potencialmente perigosos, co obxecto de preservar a seguridade de persoas, bens e outros animais.

A citada lei establece as características dos animais que merecen a consideración de potencialmente perigosos, tanto os da fauna salvaxe en estado de cativeiro, en domicilios ou en recintos privados, como os domésticos. Non obstante, con respecto a estes últimos, remite ó posterior desenvolvemento regulamentario a relación concreta das razas, tipoloxías raciais ou cruzamentos interracialais, en particular das pertencentes á especie canina, que polas súas características morfolóxicas, a súa agresividade e a súa acometida, poidan supoñer unha ameaza para a integridade física e os bens das persoas.

En cumprimento do exposto, este real decreto establece o catálogo dos animais da especie canina que poden ser incluídos dentro da categoría de animais potencialmente perigosos e que, polo tanto, se ven afectados polos preceptos da dita lei.

Por outra parte, procede dictar as medidas precisas en desenvolvemento da lei, esixibles para a obtención das licencias administrativas que habilitan os seus titulares para a posesión de animais potencialmente perigosos, en particular, os criterios mínimos necesarios para a obtención dos certificados de capacidade física e aptitude psicolóxica, e a contía mínima do seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros, ocasionados por estes.

Por último, establécense as medidas mínimas de seguridade que, con carácter básico, derivan dos criterios da lei, en canto ó adecuado manexo e custodia dos animais potencialmente perigosos.

Este real decreto dítase ó abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

Na tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior e do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de marzo de 2002,

## DISPÓNDO:

### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver a Lei 50/1999, de animais potencialmente perigosos, nos seguintes aspectos:

- Determinar os animais potencialmente perigosos pertencentes á fauna doméstica da especie canina.
- Establecer os requisitos mínimos necesarios para obter as licencias administrativas que habilitan os seus titulares para a posesión de animais potencialmente perigosos.
- Fixar as medidas mínimas de seguridade esixibles para a súa posesión.

### Artigo 2. *Animais da especie canina potencialmente perigosos.*

1. Para os efectos previstos no artigo 2.2 da Lei 50/1999, terán a consideración de cans potencialmente perigosos:

- Os que pertencen ás razas relacionadas no anexo I deste real decreto e os seus cruzamentos.
- Aqueles cunhas características que se correspondan con todas ou a maioría das que figuran no anexo II.

2. En todo caso, aínda que non se encontren incluídos no número anterior, serán considerados cans potencialmente perigosos aqueles animais da especie canina que manifesten un carácter marcadamente agresivo ou que protagonizaran agresións a persoas ou a outros animais.

3. Nos supostos recollidos no número anterior, a potencial perigosidade terá que ser apreciada pola autoridade competente atendendo a criterios obxectivos, ben de oficio ou ben tras ser obxecto dunha notificación ou unha denuncia, logo de informe dun veterinario, oficial ou colexiado, designado ou habilitado pola autoridade competente autonómica ou municipal.

### Artigo 3. *Licencia para a posesión de animais potencialmente perigosos.*

1. A obtención ou a renovación da licencia administrativa para a posesión de animais potencialmente perigosos requirirá que o interesado cumpra os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade.
- Non ter sido condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á posesión de animais potencialmente perigosos.
- Non ter sido sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das previstas no número 3 do artigo 13 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico de animais potencialmente perigosos. Non obstante, non será impedimento para a obtención ou, se é o caso, renovación da licencia, ter sido sancionado coa suspensión temporal desta, sempre que no momento da solicitude a sanción de suspensión anteriormente imposta fose cumprida integramente.
- Dispoñer de capacidade física e aptitude psicolóxica para a posesión de animais potencialmente perigosos.
- Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros cunha cobertura non inferior a cento vinte mil euros (120.000 E).

O cumprimento dos requisitos establecidos nos parágrafos b) e c) deste número acreditarase mediante os certificados negativos expedidos polos rexistros correspondentes. A capacidade física e a aptitude psicolóxica acreditaranse mediante os certificados obtidos de conformidade co disposto neste real decreto.

2. A licencia administrativa será outorgada ou renovada, por petición do interesado, polo órgano municipal competente, conforme o disposto no artigo 3 da Lei 50/1999, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos establecidos no número anterior.

3. A licencia terá un período de validez de cinco anos e poderá ser renovada por períodos sucesivos de igual duración. Non obstante, a licencia perderá a súa vixencia no momento en que o seu titular deixe de cumprir calquera dos requisitos establecidos no número ante-

rior. Calquera variación dos datos que figuran na licencia deberalle ser comunicada polo seu titular no prazo de quince días, contados desde a data en que se produza, ó órgano competente do municipio ó que corresponde a súa expedición.

4. A intervención, medida cautelar ou suspensión que afecte á licencia administrativa en vigor, acordada en vía xudicial ou administrativa, serán causa para denegar-la expedición doutra nova ou a súa renovación ata que aquelas se levanten.

#### Artigo 4. *Certificado de capacidade física.*

1. Non poderán ser titulares de animais potencialmente perigosos as persoas que carezan das condicións físicas precisas para lle proporcionar-las coidados necesarios ó animal e garanti-lo seu adecuado manexo, mantemento e dominio, de acordo co disposto no artigo 3.1.a) da Lei 50/1999.

2. A capacidade física a que fai referencia o número anterior acreditarase mediante o certificado de capacidade física para a posesión de animais potencialmente perigosos, que se expedirá unha vez superadas as probas necesarias para comprobar que non existe enfermidade ou deficiencia ningunha, de carácter orgánico ou funcional, que poida supoñer incapacidade física asociada con:

- a) A capacidade visual.
- b) A capacidade auditiva.
- c) O sistema locomotor.
- d) O sistema neurolóxico.
- e) Dificultades perceptivo-motoras, de toma de decisións.
- f) Calquera outra afección, trastorno ou problema, non comprendidos nos parágrafos anteriores, que poida supoñer unha incapacidade física para garanti-lo adecuado dominio do animal.

#### Artigo 5. *Certificado de aptitude psicolóxica.*

O certificado de aptitude psicolóxica, a que se refire a alínea c) do artigo 3.1 da Lei 50/1999, para a posesión de animais potencialmente perigosos, expedirase unha vez superadas as probas necesarias para comprobar que non existe enfermidade ou deficiencia ningunha que poida supoñer incapacidade psíquica ou psicolóxica, ou calquera outra limitativa do discernimento, asociada con:

- a) Trastornos mentais e de conducta.
- b) Dificultades psíquicas de avaliación, percepción e toma de decisións e problemas de personalidade.
- c) Calquera outra afección, trastorno ou problema, non comprendidos nos parágrafos anteriores, que limiten o pleno exercicio das facultades mentais precisas para a posesión de animais potencialmente perigosos.

#### Artigo 6. *Centros de recoñecemento.*

1. Os centros de recoñecemento debidamente autorizados, de acordo co disposto no Real decreto 2272/1985, do 4 de decembro, polo que se determinan as aptitudes psicofísicas que deben posuí-los condutores de vehículos e polo que se regulan os centros de recoñecemento destinados a verificalas, e disposicións complementarias, realizarán as exploracións e probas a que se refiren os artigos anteriores, concretando os seus resultados nun expediente clínico básico, que deberá conservarse no centro respectivo, e estar asinado polos facultativos intervinientes, á vista do cal o director do centro emitirá os certificados de capacidade física e de aptitude psicolóxica, que deberá levar adherida unha fotografía recente do interesado, e no que se farán cons-

ta-las observacións que procedan, e a indicación da capacidade e aptitude requirida, se é o caso.

2. Non obstante o previsto no número anterior, as comunidades autónomas poderán acordar que os ditos certificados de capacidade física e aptitude psicolóxica poidan tamén ser emitidos por técnicos facultativos titulados en medicina e psicoloxía, respectivamente.

3. O custo dos recoñecementos e da expedición dos certificados a que se refire este artigo será por conta dos interesados, e aboarase na forma, na contía e nos casos que dispoña a respectiva Comunidade Autónoma.

#### Artigo 7. *Vixencia dos informes de capacidade física e de aptitude psicolóxica.*

Os certificados de capacidade e aptitude regulados neste real decreto terán un prazo de vixencia, para efectos de eficacia procedemental, dun ano, contado desde a data da súa expedición, durante o cal poderán ser utilizados, mediante duplicado, copia compulsada ou certificación, en calquera procedemento administrativo que se inicie ó longo do indicado prazo.

#### Artigo 8. *Medidas de seguridade.*

1. A presenza de animais potencialmente perigosos en lugares ou espazos públicos esixirá que a persoa que os conduza e controle leve consigo a licencia administrativa a que se refire o artigo 3 deste real decreto, así como certificación acreditativa da inscrición do animal no Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos.

2. Os animais da especie canina potencialmente perigosos, en lugares e espazos públicos, deberán levar obrigatoriamente bozo apropiado para a tipoloxía racial de cada animal.

3. Igualmente, os cans potencialmente perigosos, en lugares e espazos públicos, deberán ser conducidos e controlados con cadea ou correa non extensible de menos de 2 metros, sen que poida levarse máis dun destes cans por persoa.

4. Os animais potencialmente perigosos que se encontran nun predio, casa de campo, chalé, parcela, terraza, patio ou calquera outro lugar delimitado, deberán de estar atados, a non ser que se dispoña de habitáculo coa superficie, a altura e o adecuado cerramento, para protexelas persoas ou animais que accedan ou se acheguen a estes lugares.

5. Os criadores, adestradores e comerciantes de animais potencialmente perigosos deberán dispoñer de instalacións e medios adecuados para a súa posesión.

6. A subtracción ou perda do animal deberalle ser comunicada polo seu titular ó responsable do rexistro municipal de animais potencialmente perigosos no prazo máximo de corenta e oito horas desde que teña coñecemento deses feitos.

#### Artigo 9. *Identificación dos animais potencialmente perigosos da especie canina.*

Tódolos animais potencialmente perigosos pertencentes á especie canina deberán estar identificados mediante un «microchip».

#### Disposición adicional primeira. *Normativa aplicable.*

A realización das probas necesarias para a obtención dos certificados de capacidade física e de aptitude psicolóxica a que se refiren os artigos 4 e 5 deste real decreto, polos centros de recoñecemento autorizados, adecuarase ó previsto non anexo IV do Real decreto

772/1997, do 30 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de conductores, no que resulte de aplicación, para efectos de determina-las aptitudes específicas necesarias para a posesión de animais potencialmente perigosos.

Disposición adicional segunda. *Solicitud de licencia nos casos do número 2 do artigo 2.*

Nos supostos previstos no número 2 do artigo 2 deste real decreto, o titular do can ó que a autoridade competente lle apreciase potencial perigosidade disporá do prazo dun mes, contado desde a notificación da resolución dictada para tales efectos, para solicita-la licencia administrativa regulada no artigo 3 desta disposición.

Disposición transitoria única. *Prazo de solicitud de licencia.*

Os posuidores de animais potencialmente perigosos disporán dun prazo de tres meses, a partir da entrada en vigor deste real decreto, para solicitarlle ó órgano municipal competente o outorgamento da licencia a que se refire o artigo 3.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro da habilitación contida non artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para proceder á inclusión de novas razas no anexo I ou modifica-las características do anexo II.

Facúltase o ministro de Economía para actualiza-lo importe da cobertura mínima do seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros, conforme a porcentaxe de variación constatada do índice de prezos de consumo, publicados anualmente polo Instituto Nacional de Estatística.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Palma de Mallorca, o 22 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

## ANEXO I

- a) Pit Bull Terrier.
- b) Staffordshire Bull Terrier.
- c) American Staffordshire Terrier.
- d) Rottweiler.
- e) Dogo Arxentino.
- f) Fila Brasileiro.
- g) Tosa Inu.
- h) Akita Inu.

## ANEXO II

Os cans afectados por esta disposición teñen todas ou a maioría das características seguintes:

- a) Forte musculatura, aspecto poderoso, robusto, configuración atlética, axilidade, vigor e resistencia.
- b) Marcado carácter e gran valor.
- c) Pelo curto.
- d) Perímetro torácico comprendido entre 60 e 80 centímetros, altura á cruz entre 50 e 70 centímetros e peso superior a 20 kg
- e) Cabeza voluminosa, cuboide, robusta, con cranio largo e grande e meixelas musculosas e alombadas. Mandíbulas grandes e fortes, boca robusta, larga e profunda.
- f) Pescozo largo, musculoso e curto.
- g) Peito macizo, largo, grande, profundo, costelas arqueadas e lombo musculado e curto.
- h) Extremidades anteriores paralelas, rectas e robustas e extremidades posteriores moi musculosas, con patas relativamente longas formando un ángulo moderado.